

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005233	IES Agra do Orzán	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Debuxo técnico I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	28

1. Introducción

1.1.- CENTRO.

SITUACIÓN:

A presente programación correspondente á materia de Debuxo Técnico I do curso de 1º de Bacharelato, está realizada de acordo á LOMLOE e lévase a cabo no IES Agra do Orzán, do concello de A Coruña, situado ao suroeste da Ronda de Outeiro, con acceso pola Rúa Alcalde Liaño Flores, pertencente ao distrito postal 15010 de A Coruña, e situado nunha parcela enteiramente dotacional, na que ademais deste instituto, existen: Complexo deportivo municipal Agra I, situado ao suroeste, Escola infantil municipal Agra do Orzán, situada ao sueste, Colexio público Raquel Camacho, situado ao nordeste e Centro municipal do Ágora, situado ao noroeste.

CENTROS ADSCRITOS:

Hai dous centros adscritos ao IES Agra do Orzán, que son o CEIP María Barbeito, e o CEIP Raquel Camacho, ambos do concello de A Coruña, e próximos ao instituto.

ENSINANZAS QUE OFERTA O CENTRO:

Educación Secundaria Obrigatoria.

Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía.

Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais.

Ciclo Formativo de Grao Superior: Técnico Superior en Ensinanzas e Animación Socio Deportiva.

Ciclo Formativo de Grao Superior: Técnico Superior en Acondicionamento Físico.

CARACTERÍSTICAS SINGULARES:

É un centro que conta cun alumnado moi diverso en canto as súas posibilidades socio-económicas e culturais.

Ao ser un IES conviven dentro do mesmo centro alumnos dende os 12 anos ata os 18 anos, habendo casos que chegan ata os 20 anos por repeticións de cursos.

O número total de alumnado baixou nos últimos anos, sobre todo no Bacharelato, debido á situación socio-económica da zona e a súa migración a outros centros docentes da cidade de A Coruña, continuándose na actualidade a intentar revertir esta situación.

1.2.- ALUMNADO.

POBOACIÓN INMIGRANTE:

De forma habitual no centro cohabitan alumnos e alumnas galegos, da cidade con outros emigrantes pertencentes a outras nacionalidades, etnias e relixións, pero en xeral é un alumnado que adoitan ter unha boa adaptación no centro.

ALUMNADO CON NEAE NO CURSO ACTUAL:

Practicamente todos os anos, se conta con alumnado con dificultades de aprendizaxe, que necesita reforzos educativos, impartidos polos profesores de cada materia durante as clases e en algunha ocasión polos especialistas de pedagogía terapéutica, pero sobre todo na ESO, no Bacharelato é moito mais difícil que ocorra.

OUTRAS CARACTERÍSTICAS:

O alumnado unha vez rematado o Bacharelato, soe seguir os seus estudos de grao universitario, ou en algún caso os de Técnico Superior en Ensinanzas e Animación Socio Deportiva, ou os de Técnico Superior en Acondicionamento Físico no propio centro, e outros a súa vida laboral, inda que quizás estes son os menos.

En xeral o alumnado deste centro adoita ser do barrio onde se ubicua o mesmo, salvo o alumnado dos ciclos formativos de grao superior de Técnico Superior en Ensinanzas e Animación Socio Deportiva, ou de Técnico Superior en Acondicionamento Físico, que si veñen doutros barrios de A Coruña.

Algún alumnado polas súas características socio-económicas ten un acceso máis limitado ás tecnoloxías de información e comunicación, polo que o centro ten que proporcionarlles medios e estratexias para resolver esta situación, tentando abrir a aula de informática, a aula de recursos e os ordenadores que hai na biblioteca, nos tempos de lecer, así como en algúns casos deixándolles un portátil, que devolven ao rematar o curso académico. Estes casos, nos alumnos de bacharelato son moi pouco frecuentes.

1.3.- CONTEXTUALIZACIÓN DE DEBUXO TÉCNICO:

O debuxo técnico constitúe un medio de expresión e comunicación convencional para calquera proxecto cuxo fin sexa a creación e a fabricación dun produto, e é un aspecto imprescindible do desenvolvemento tecnolóxico. Dota ao alumnado dun instrumento eficiente para se comunicar de xeito gráfico e obxectivo, de acordo con convencións que garanten a interpretación fiable e precisa; desenvolve a visión espacial ao representar o espazo tridimensional sobre o plano, e coa resolución de problemas e a realización de proxectos individuais ou en grupo. Tamén potencia a capacidade de análise, creatividade, autonomía e pensamento diverxente, favorecendo actitudes de respecto e empatía. O carácter integrador e multidisciplinario da materia favorece a metodoloxía activa e participativa, de aprendizaxe por descubrimento, por experimentación, ou por participación en proxectos interdisciplinarios, contribuíndo ao desenvolvemento das competencias clave e á adquisición dos obxectivos de etapa. Abórdanse tamén

retos do século XXI de xeito integrado nos dous anos de bacharelato, o compromiso cidadán local e global, o coñecemento como motor do desenvolvemento, o aproveitamento crítico, ético e responsable da cultura dixital, o consumo responsable e a valoración da diversidade persoal e cultural. Esta materia desenvolve un conxunto de obxectivos que procuran no alumnado apreciar e analizar obras de arquitectura e enxeñaría desde o punto de vista das súas estruturas e dos seus elementos técnicos; resolver problemas gráfico-matemáticos aplicando razoamentos indutivos, dedutivos e lóxicos mediante os fundamentos da xeometría plana; desenvolver a visión espacial para recrear a realidade tridimensional co sistema de representación máis apropiado; formalizar deseños e presentar proxectos técnicos colaborativos seguindo a normativa aplicable, e investigar e experimentar con programas específicos de deseño asistido por computador. Os programas e aplicacións CAD ofrecen grandes posibilidades: maior precisión e rapidez, mellora da creatividade e visión espacial mediante modelos 3D. Por outra banda, axudan a axilizar o ritmo das actividades complementando os trazados con instrumentos habituais (xiz, escuadra, cartabón e compás), polos xerados con estas aplicacións; podendo mostrar unha representación máis precisa dos corpos xeométricos e as súas propiedades no espazo. Os criterios de avaliación son o elemento curricular que avalía o nivel de consecución dos obxectivos da materia, e fórmulanse cunha orientación competencial, mediante a aplicación de contidos e a valoración de destrezas e actitudes como: autonomía, autoaprendizaxe, rigor nos razoamentos, claridade e precisión nos trazados. Ao longo dos dous cursos os contidos adquiren un grao de dificultade e afondamento progresivo. En primeiro o alumnado iníciase nos conceptos importantes para establecer procesos e razoamentos aplicables á resolución de problemas, soporte doutros posteriores; e gradualmente, no segundo curso, vai adquirindo un coñecemento máis amplo sobre esta disciplina.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en catro bloques interrelacionados e intimamente ligados aos obxectivos: No bloque "Fundamentos xeométricos" se resolverán problemas sobre o plano e se identificará a súa aparición e utilidade en diferentes contextos. Tamén se cuestiona a relación do debuxo técnico e as matemáticas, e a presenza da xeometría nas formas da arquitectura e da enxeñaría. No bloque "Xeometría proxección" o alumnado adquirirá coñecementos para representar graficamente a realidade espacial, e expresará con precisión as solucións a un problema construtivo ou as interpretará para a súa execución, empregando os sistemas de xeometría descritiva. No bloque "Normalización e documentación gráfica de proxectos" dotarase ao alumnado dos coñecementos para visualizar e comunicar a forma e dimensións dos obxectos de xeito inequívoco seguindo as normas UNE e ISO, para elaborar e presentar, de forma individual ou en grupo, proxectos sinxelos de enxeñaría ou arquitectura. Por último, no bloque "Sistemas CAD" pretenderase que o alumnado aplique técnicas de representación gráfica adquiridas, utilizando programas de deseño asistido por computador; o que deberase facer de xeito transversal en todos os bloques de criterios de avaliación e contidos, e ao longo de toda a etapa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar elementos ou conxuntos arquitectónicos e de enxeñaría, empregando recursos asociados á percepción, ao estudo, á construción e á investigación de formas, para analizar as estruturas xeométricas e os elementos técnicos utilizados.	1-2		4	1	40	1		1-2
OBX2 - Utilizar razoamentos indutivos, dedutivos e lóxicos en problemas de índole gráfico-matemática, aplicando fundamentos da xeometría plana para resolver graficamente operacións matemáticas, relacións, construcións e transformacións.	2		1-2-4		11-50		2	
OBX3 - Desenvolver a visión espacial, utilizando a xeometría descritiva en proxectos sinxelos, considerando a importancia do debuxo na arquitectura e nas enxeñarías, para resolver problemas e interpretar e recrear graficamente a realidade tridimensional sobre a superficie do plano.			1-2-4		11-50		2-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Formalizar e definir deseños técnicos aplicando as normas UNE e ISO de maneira apropiada e valorando a importancia que ten o esbozo para documentar graficamente proxectos arquitectónicos e de enxeñaría.	2		1-4	2	11-32-50		3	
OBX5 - Investigar, experimentar e representar dixitalmente elementos, planos e esquemas técnicos mediante o uso de programas específicos CAD de xeito individual ou grupal, apreciando o seu uso nas profesións actuais, para virtualizar obxectos e espazos en dúas dimensións e tres dimensións.			2-3-4	1-2-3			3	41-42

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Debuxo técnico e xeometría. Trazados fundamentais planos. Relacións xeométricas	Debuxo técnico e Xeometría e o seu desenvolvemento histórico, dos campos de acción e das súas aplicacións; así como dos trazados fundamentais no plano (lugares xeométricos: mediatrices, bisectrices, arco capaz) e tamén das relacións xeométricas (proporcionalidade, semellanza, igualdade e equivalencias).	10	15	X		
2	Construción de formas poligonais. Tanxencias. Curvas Cónicas	Construcións de formas poligonais (Construcións, rectas e puntos notables dos triángulos, cuadriláteros e polígonos regulares). Construcións de tanxencias básicas e a súa aplicación. Curvas técnicas (Óvalo, ovoide, espirais e volutas)	15	20	X		
3	Xeometría proxectiva e Sistemas de representación. Sistema diédrico.	Fundamentos e desenvolvemento histórico da xeometría proxectiva e dos sistemas de proxección e de representación. Sistema diédrico: fundamentos, representación e alfabeto do punto, recta e plano; pertenza, interseccións, paralelismo, perpendicularidade e distancias; representación de vistas de pezas.	25	30	X	X	
4	Sistema de planos acotados e Sistema axonométrico.	Sistema de planos acotados: fundamentos, representación e alfabeto do punto, recta e plano, interseccións de planos, cubertas e debuxo topográfico. Sistema axonométrico ortogonal e oblícuo: fundamentos, representación y alfabeto de punto, recta e plano; planos paralelos, e	20	30		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Sistema de planos acotados e Sistema axonométrico.	interseccións de rectas e planos; execución de axonometrias de pezas sinxelas.	20	30		X	
5	Sistema cónico. Normalización: formatos, escalas, vistas e liñas normalizadas.	Fundamentos e elementos do sistema cónico e da representación da da perspectiva frontal e da perspectiva oblícuca. Normalización: concepto, normas fundamentais UNE e ISO, formatos, doblado de planos, escalas numéricas e gráficas. Aplicacións da normalización e simboloxías industrial e arquitectónicas. Liñas e vistas normalizadas.	20	30		X	X
6	Normalización de acotación e sistemas de CAD.	Acotación: fundamentos, métodos, símbolos e aplicacións ao debuxo industrial e arquitectónico. Deseño vectorial en 2D e 3D. Aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico.	10	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Debuxo técnico e xeometría. Trazados fundamentais planos. Relacións xeométricas	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Solucionar graficamente sinxelos cálculos matemáticos e transformacións básicas utilizando conceptos e propiedades sinxelas da xeometría plana.	PE	75
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Valorar de xeito aceptable o rigor gráfico do proceso, a claridade e precisión e o proceso de construcións gráficas básicas.		
CA1.1 - Analizar, ao longo da historia, a relación entre as matemáticas e o debuxo xeométrico, valorando a súa importancia en diferentes campos como a arquitectura ou a enxeñaría, desde a perspectiva de xénero e a diversidade cultural, empregando adecuadamente o vocabulario específico técnico e artístico.	Analizar de xeito sinxelo a relación entre as matemáticas e o debuxo xeométrico, ao longo da historia, valorando a súa importancia na arquitectura e na enxeñaría, tendo en conta a perspectiva de xénero. a diversidade cultural e empregando vocabulario sinxelo específico, técnico e artístico.	TI	25
CA3.4 - Utilizar o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo.	Utilizar esbozos e bosquexos sinxelos para reflexionar e indagar solucións gráficas a procesos de traballo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento histórico do debuxo técnico. Campos de acción e aplicacións: debuxo arquitectónico, mecánico, proxectivo, eléctrico e electrónico, xeolóxico, urbanístico, etc. - Orixes da xeometría. Thales, Pitágoras, Euclides, Hipatia de Alexandría. - Concepto de lugar xeométrico. Arco capaz. Aplicacións dos lugares xeométricos ás construcións fundamentais da xeometría plana. - Proporcionalidade, equivalencia e semellanza. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións. - Escalas numéricas e gráficas. Construción e uso.

UD	Título da UD	Duración
2	Construcción de formas poligonais. Tanxencias. Curvas Cónicas	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Resolver graficamente tanxencias e trazar curvas aplicando as súas propiedades, cunha actitude de rigor na súa execución.	Resolver graficamente problemas sinxelos de tanxencias, calculando graficamente os centros dos arcos e os puntos de tanxencia. Trazar curvas técnicas básicas cun rigor na execución aceptable.	PE	75
CA1.4 - Trazar graficamente construcións poligonais baseándose nas súas propiedades e amosando interese pola precisión, a claridade e a limpeza.	Trazar graficamente polígonos regulares dado o lado ou dada a circunferencia circunscrita, cunha precisión, claridade e limpeza aceptables.		
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Valorar de xeito aceptable o rigor gráfico do proceso, a claridade e precisión e o proceso de construcións gráficas básicas.	TI	25
CA3.4 - Utilizar o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo.	Utilizar esbozos e bosquexos sinxelos para reflexionar e indagar solucións gráficas a procesos de traballo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Triángulos, cuadriláteros e polígonos regulares. Propiedades e métodos de construción específicos e xerais. - Tanxencias básicas. Curvas técnicas. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións. - Escalas numéricas e gráficas. Construción e uso.

UD	Título da UD	Duración
3	Xeometría proxectiva e Sistemas de representación. Sistema diédrico.	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Trazar graficamente construcións poligonais baseándose nas súas propiedades e amosando interese pola precisión, a claridade e a limpeza.	Trazar graficamente polígonos regulares dado o lado ou dada a circunferencia circunscrita, cunha precisión, claridade e limpeza aceptables.	PE	80
CA2.1 - Representar en sistema diédrico elementos básicos no espazo determinando a súa relación de pertenza, posición e distancia	Representar no sistema diédrico, elementos espaciais en posicións sinxelas, sabendo determinar as súas relacións de pertenza, posicións relativas e distancias.		
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Valorar de xeito aceptable o rigor, claridade, precisión e resolucións das construcións graficas.		
CA1.2 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Solucionar graficamente sinxelos cálculos matemáticos e transformacións básicas utilizando conceptos e propiedades sinxelas da xeometría plana.	TI	20
CA3.4 - Utilizar o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo.	Utilizar esbozos e bosquexos sinxelos para reflexionar e indagar solucións gráficas a procesos de traballo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións. - Fundamentos da xeometría proxectiva. - Sistema diédrico: representación de punto, recta e plano. Trazas con planos de proxección. Determinación do plano. Pertenzas. - Relacións entre elementos: interseccións, paralelismo e perpendicularidade. Obtención de distancias: punto a punto, punto a recta, recta a plano, plano a plano, dúas rectas paralelas e mínima distancia entre dúas rectas que se cruzan. - Elección de vistas necesarias. Liñas normalizadas. Acotación.

UD	Título da UD	Duración
4	Sistema de planos acotados e Sistema axonométrico.	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Trazar graficamente construcións poligonais baseándose nas súas propiedades e amosando interese pola precisión, a claridade e a limpeza.	Trazar graficamente polígonos regulares dado o lado ou dada a circunferencia circunscrita, cunha precisión, claridade e limpeza aceptables.	PE	75
CA2.2 - Definir elementos e figuras planas en sistemas axonométricos valorando a súa importancia como métodos de representación espacial.	Definir figuras planas sinxelas no sistema axonométrico e valorar a súa importancia para a representación espacial.		
CA2.3 - Representar e interpretar elementos básicos no sistema de planos acotados facendo uso dos seus fundamentos.	Interpretar e representar elementos sinxelos no sistema de planos acotados, usando os seus conceptos básicos.		
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Valorar de xeito aceptable o rigor, claridade, precisión e resolucións das construcións gráficas.	TI	25
CA3.1 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Solucionar graficamente sinxelos cálculos matemáticos e transformacións básicas utilizando conceptos e propiedades sinxelas da xeometría plana.		
CA3.4 - Utilizar o esbozo e o bosquejo como elementos de reflexión na aproximación e indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo.	Utilizar esbozos e bosquejos sinxelos para reflexionar e indagar solucións gráficas a procesos de traballo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións. - Sistema axonométrico, ortogonal e oblicuo. Perspectivas isométrica e cabaleira. Disposición dos eixes e uso dos coeficientes de redución. Elementos básicos: punto, recta e plano. - Sistema de planos acotados. Fundamentos e elementos básicos: punto, recta e plano. Identificación de elementos para a súa interpretación en planos. - Escalas numéricas e gráficas. Construción e uso. - Elección de vistas necesarias. Liñas normalizadas. Acotación.

UD	Título da UD	Duración
5	Sistema cónico. Normalización: formatos, escalas, vistas e liñas normalizadas.	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Debuxar elementos no espazo empregando a perspectiva cónica.	Debuxar elementos sinxelos espaciais mediante perspectivas cónicas centrais.	PE	70
CA3.2 - Documentar graficamente obxectos sinxelos mediante as súas vistas acotadas aplicando a normativa UNE e ISO na utilización de sintaxe, escalas e formatos, valorando a importancia de usar unha linguaxe técnica común.	Definir graficamente obxectos básicos coas súas vistas acotadas, aplicando normas UNE e ISO, manexando liñas, escalas e formatos e valorando de xeito aceptable a importancia da linguaxe técnica común.		
CA3.1 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Solucionar graficamente sinxelos cálculos matemáticos e transformacións básicas utilizando conceptos e propiedades sinxelas da xeometría plana.	TI	30
CA3.3 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Valorar de xeito aceptable o rigor, claridade, precisión e resolucións das construcións graficas.		
CA3.4 - Utilizar o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo.	Utilizar esbozos e bosquexos sinxelos para reflexionar e indagar solucións gráficas a procesos de traballo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sistema cónico: fundamentos e elementos do sistema. Perspectiva frontal e oblicua. - Escalas numéricas e gráficas. Construción e uso. - Formatos. Dobradura de planos. - Concepto de normalización. As normas fundamentais UNE, ISO e DIN. Aplicacións da normalización: simboloxía industrial e arquitectónica. - Elección de vistas necesarias. Liñas normalizadas. Acotación.

UD	Título da UD	Duración
6	Normalización de acotación e sistemas de CAD.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Documentar graficamente obxectos sinxelos mediante as súas vistas acotadas aplicando a normativa UNE e ISO na utilización de sintaxe, escalas e formatos, valorando a importancia de usar unha linguaxe técnica común.	Definir graficamente obxectos básicos coas súas vistas acotadas, aplicando normas UNE e ISO, manexando liñas, escalas e formatos e valorando de xeito aceptable a importancia da linguaxe técnica común.	PE	75
CA4.1 - Crear figuras planas e tridimensionais mediante programas de debuxo vectorial, usando as ferramentas que achegan e as técnicas asociadas.	Crear figuras planas e volumétricas sinxelas, con programas de debuxo vectorial, usando ferramentas básicas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Recrear virtualmente pezas en tres dimensións aplicando operacións alxébricas entre primitivas para a presentación de proxectos en grupo.	Recrear virtualmente en tres dimensións peza sinxelas, con operacións alxebraicas para representar proxectos sinxelos en grupo.		
CA3.3 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Valorar de xeito aceptable o rigor, claridade, precisión e resolucións das construcións graficas.	TI	25
CA4.3 - Utilizar o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e na indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo nos que interveñen sistemas CAD.	Utilizar esbozos e bosquexos sinxelos para reflexionar e indagar solucións gráficas a procesos de traballo, nos que interveñen sistemas de CAD.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elección de vistas necesarias. Liñas normalizadas. Acotación. - Aplicacións vectoriais 2D-3D. - Fundamentos de deseño de pezas en tres dimensións. - Modelaxe de caixa. Operacións básicas con primitivas. - Aplicacións de traballo en grupo para conformar pezas complexas a partir doutras máis sinxelas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

4.1.1.- ASPECTOS XERAIS:

A educación nesta etapa débese concibir como un proceso construtivo, no que a actitude do profesor e do alumno, permite a aprendizaxe significativa. O alumno convértese no motor do seu propio proceso da aprendizaxe ao modificar o mesmo os seus esquemas de coñecemento. Xunto a el, o profesor exerce o papel de guía, ao poñer en contacto os coñecementos e as experiencias previas do alumno cunha serie de novos contidos para a resolución de diversos problemas e situacións de aprendizaxe de forma motivada, creativa e autónoma, que contribúan á consecución dos obxectivos da materia e das competencias clave e dos obxectivos da etapa.

O proceso de ensino-aprendizaxe debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir da competencia inicial e do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
 - Ter en conta a diversidade, respectando os ritmos e estilos de aprendizaxe.
 - Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e os novos adquiridos para a resolución das situacións de aprendizaxe e da adquisición dos obxectivos da materia e as competencias clave da etapa.
 - Potenciar as metodoloxías activas e participativas; combinando o traballo individual e o cooperativo. Posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas por si sos, e participen activamente en prácticas sociais, que se desenvolvan tanto nun contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais; conceptualizándose como "un saber facer" que se aplique a unha diversidade de contextos educativos, sociais e profesionais.
 - Potenciar enfoques orientados á realización de tarefas e á resolución de problemas, que favorezan situacións nas que os alumnos e alumnas deben actualizar os seus coñecementos, para así adquirir tanto os obxectivos da materia como as competencias clave e os obxectivos a adquirir na etapa.
 - Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para os alumnos e alumnas, co fin de que resulten motivadoras, e propiciar o uso habitual das TIC.
 - Proporcionar situacións e actividades aos alumnos que lles permitan afianzar o espírito emprendedor, a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a autoconfianza e o sentido común.
- A concepción constructivista da ensinanza permite garantir a funcionalidade da aprendizaxe, desenvolvendo as

competencias clave, é dicir, asegurar que o alumno poderá utilizar o aprendido nas circunstancias reais, ben levándoo á práctica, ben utilizándoo como instrumento para lograr novas aprendizaxes.

4.1.2.- PRINCIPIOS E ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS:

O currículo da área de Debuxo Técnico para o curso de 1º de Bacharelato, pretende potenciar nos alumnos a capacidade de expresión e comunicación convencional para calquera proxecto cuxo fin sexa a creación e a fabricación dun produto, e é un aspecto imprescindible do desenvolvemento tecnolóxico, dotando ao alumno dun instrumento eficiente para comunicarse de xeito gráfico e obxectivo, para expresarse e difundir ideas ou proxectos de acordo con convencións que garanten a súa interpretación fiable e precisa. Para acadar este obxectivo xeral, óptase por articular os contidos, procedementos e actitudes de forma que permitan acadar os obxectivos e as competencias clave, atendendo aos seguintes principios ou criterios:

- O CRITERIO PRÁCTICO E PARTICIPATIVO. Trata de sistematizar e facilitar o traballo individual e en grupo para que a súa organización non reste tempo nin efectividade a cada sesión da clase.

- O CRITERIO DA ACTUALIDADE. A formulación, os contidos, as imaxes e as actividades teñen como referencia preferente o mundo actual e a súa faceta visual e tecnolóxica; aplicada a diversidade de contextos educativos, sociais e profesionais.

- O CRITERIO DA DIFICULTADE. Organizando os saberes básicos para a resolución de problemas e situacións de aprendizaxe diversas, de xeito que se comece polos de carácter máis concreto, por ter carácter básico, e preparen para entender os máis abstractos, que esixan unha maior capacidade de comprensión visual e espacial.

- O CRITERIO DO INTERESE. Debe conectar cos intereses e necesidades dos alumnos, proporcionándolles de forma clara e atractiva a finalidade e utilidade das aprendizaxes.

- O CRITERIO DA ORGANIZACIÓN CÍCLICA. Os temas máis complexos estúdanse nos dous cursos, seguindo unha gradación no nivel de dificultade, de forma que no curso de 1º de Bacharelato se traten en forma de iniciación e se chegue a unha especialización no curso de 2º de Bacharelato desta etapa.

- O CRITERIO DA OPERATIVIDADE. Baséase na idea da imaxe como código comunicativo e queda reflectido ao redor da clásica formulación do "saber ver", "saber interpretar" e "saber facer".

En coherencia co exposto, as estratexias metodolóxicas que orientarán a nosa práctica educativa serán as seguintes:

- METODOLOXÍA ACTIVA. Supón atender a aspectos intimamente relacionados, referidos ao clima de participación e integración do alumnado no proceso de aprendizaxe: Atención activa e participativa nas clases. Indagación e investigación sobre documentos, deseños, etc. Análise de documentos, gráficos, ilustracións, diversos tipos de deseños. Realización de traballos propios e resolución de problemas, como desenvolvemento do aprendido, nos que se teña en conta a organización, deseño e creatividade. Aprendizaxe comprensivo e capacidade de síntese. Integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes; así como na participación activa en prácticas sociais, desenvoltas tanto nun contexto educativo formal, non formal e informal; conceptualizándose como "un saber facer", aplicado a unha diversidade de contextos e situacións de aprendizaxe educativas, sociais e profesionais. Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensino/aprendizaxe.

- MOTIVACIÓN. Consideramos fundamental partir dos intereses, necesidades e expectativas dos alumnos. Importante arbitrar dinámicas que fomenten traballo en grupo e interese pola resolución de problemas, que anime á aprendizaxe, ao ver o alumno a súa superación e progresión na materia. A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO. A nosa intervención educativa cos alumnos intentará asumir como un principio básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, así como os distintos intereses e motivacións. A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

- AVALIACIÓN DO PROCESO EDUCATIVO. A avaliación analizará todos os aspectos do proceso educativo e permitirá a retroalimentación, a achega de informacións precisas para reestruturar a actividade no seu conxunto.

4.1.3.- ORGANIZACIÓN DOS SABERES BÁSICOS:

Os grandes temas do Debuxo Técnico, organízanse de forma cíclica, correspondendo ao primeiro curso a iniciación e a aprendizaxe dos saberes básicos, e ao segundo curso unha visión global máis en profundidade.

Os saberes básicos nos cursos 1º e 2º de Bacharelato, na materia de Debuxo Técnico se estruturan segundo a LOMLOE, nos bloques seguintes: No bloque "Fundamentos xeométricos" se resolverán problemas sobre o plano e se identificará a súa aparición e utilidade en diferentes contextos. Tamén se cuestiona a relación do debuxo técnico e as matemáticas, e a presenza da xeometría nas formas da arquitectura e da enxeñaría. No bloque "Xeometría proxectiva" o alumnado adquirirá coñecementos para representar graficamente a realidade espacial, e expresará con precisión as solucións a un problema construtivo ou as interpretará para a súa execución, empregando os sistemas de xeometría descritiva. No bloque "Normalización e documentación gráfica de proxectos" dotarase ao alumnado dos

coñecementos para visualizar e comunicar a forma e dimensións dos obxectos de xeito inequívoco seguindo as normas UNE e ISO, para elaborar e presentar, de forma individual ou en grupo, proxectos sinxelos de enxeñaría ou arquitectura. Por último, no bloque "Sistemas CAD" pretenderase que o alumnado aplique técnicas de representación gráfica adquiridas, utilizando programas de deseño asistido por computador; o que deberase facer de xeito transversal en todos os bloques de criterios de avaliación e contidos, e ao longo de toda a etapa.

A materia de Debuxo Técnico require situacións de aprendizaxe de acción continua combinada con reflexións, e unha actitude aberta e colaborativa, para que o alumnado desenvolva unha cultura e unha práctica persoal e sostible. Estas situacións, que poñen en xogo as diferentes competencias da materia, deben estar vinculadas a contextos próximos ao alumnado, que favorezan a aprendizaxe significativa, que esperten a súa curiosidade e interese pola arte e as súas manifestacións, e permitan desenvolver a súa identidade persoal e a súa autoestima.

A preparación do futuro profesional e persoal do alumnado por medio do manexo de técnicas gráficas con medios tradicionais e dixitais, xerando situacións de traballo nas que se apliquen as técnicas de representación gráfica adquiridas utilizando ferramentas de deseño asistido por computador. A adquisición e a posta en práctica de estratexias como o razoamento lóxico, a visión espacial, o uso da terminoloxía específica, a toma de datos e a interpretación de resultados necesarios en estudos posteriores.

O deseño dos problemas e situacións de aprendizaxe debe buscar o desenvolvemento do pensamento diverxente, apoiándose na diversidade das manifestacións culturais e artísticas. As achegas teóricas e os coñecementos culturais han de ser introducidos polo profesorado en relación coas preguntas que expoña cada situación. O uso de estratexias cun enfoque inclusivo, non sexista e facendo especial fincapé na superación da fenda de xénero que existe actualmente nos estudos técnicos.

4.1.4.- PROCEDEMENTO DIDÁCTICO E SECUENCIACIÓN DO TRABALLO:

A secuencia didáctica de cada unidade, será uniforme e constará dos seguintes elementos:

- Presentación da unidade didáctica e motivación: Comezase cun avance dos contidos a tratar, e cunha imaxe para atraer a atención do alumno e que está directamente relacionadas coa realidade da vida cotiá, e que para a súa elaboración se tiveron que ter en conta os conceptos manexados na unidade.
- Desenvolvemento dos contidos ou saberes básicos: A estrutura das unidades se presenta de forma ordenada, os contidos están expostos con claridade e concisión e se apoian en imaxes e ilustracións para favorecer a comprensión. As diferentes propostas de actividades serven para practicar e asentar os coñecementos adquiridos, para reforzalos ou para amplialos, ben de forma individual ou mediante estruturas de traballo cooperativo.
- Actividades Finais: Esta sección axuda a repasar os contidos da unidade e a poñelos en práctica. Ofrece actividades con distintos graos de dificultade. Ao final se utilizará a metacognición, con preguntas que lle permite reflexionar ao alumnado acerca do que aprendeu, onde ten dúbidas e os aspectos nos que lle gustaría profundar. Podéndose realizar tamén como traballos individuais ou como tarefas colaborativas.
- Avaliación: Se materializará nos seguintes tipos de actividades:
 - Exposicións orais e contestacións a preguntas formuladas en clase, sobre distintas cuestións teóricas e prácticas relacionadas cos temas e contidos tratados e estudados, para aclarar, argumentar, interiorizar e afianzar conceptos e saberes básicos necesarios para desenvolver os obxectivos da materia.
 - Análise de obras artísticas e de deseño: Consistente na búsqueda, clasificación e análise oral, escrito ou gráfico de imaxes e obras de arte e de deseño, relacionadas cos distintos temas tratados e estudados. Podéndose realizar tamén como traballos individuais ou como tarefas de items.
 - Traballos e prácticas feitos individualmente ou en grupo colaborativamente, para exercitar, aclarar e interiorizar as distintas cuestións estudadas e practicadas, así como formuladas a partir dos conceptos ou saberes básicos estudados e nas que en problemas ou situacións de aprendizaxe concretas se poñerán en xogo todos os recursos para expresarse a través da linguaxe gráfica, técnica e normativa, así como que potencien e desenvolvan a investigación, a innovación, o espírito crítico e as iniciativas emprendedoras e que resolvan distintos problemas vinculados co contexto do alumnado.
 - Observación do traballo, actitude e participación na aula.
 - Probas teóricas escritas e/ou probas prácticas gráfico-plásticas para a cualificación dos criterios de avaliación cos que se adquiriran os obxectivos da materia, cos que se acadarán as competencias clave e os obxectivos da etapa, e a realizar ao final de cada unidade didáctica.

4.1.5.- METODOLOXÍA DE TRABALLO PARA O ENSINO A DISTANCIA:

No caso que por diversas circunstancias sexa necesario impartir clase a distancia ao alumnado, se establece na presente programación unha metodoloxía, que permita impartir a materia de Debuxo Técnico do Bacharelato, de forma telemática. O procedemento consistirá en utilizar a modo de mensaxería, para comunicarse co alumnado unha triplo vía, que permita asegurar na medida do posible que lles chega a información, esta será mediante a aplicación informática de Tokappschool, mediante a de Abalar móbil e mediante o correo electrónico corporativo. Para pasarlles arquivos con contidos, apuntamentos, instrucións ou enunciados de prácticas ou situacións de aprendizaxe para que desenvolvan a resolución das mesmas, utilizarase a aula virtual do centro, e dentro dela na área de Plástica, colocarse dentro dunha carpeta correspondente ao curso de 1º de Bacharelato. Para impartir clase, tanto teórica

como práctica e para aclarar dúbidas, utilizarase a aplicación facilitada pola Consellería de Educación no curso 2019-2020 denominada "Cisco Webex Meetings", a cal permitirá unha conexión audiovisual co alumnado, posibilitando a utilización do libro de texto dixital, así como o programas de AutoCAD ou outro similar, para explicar os conceptos ao alumnado ou aclararlle as dúbidas que poida ter. A entrega dos traballos realizados polos alumnos se fará ao correo electrónico do profesor, para a súa corrección e cualificación, na data previamente establecida. Os exames sempre que sexa posible trataranse de facer de forma presencial, pero si non fora posible se farán a través da aula virtual, poñéndoos visibles na mesma na hora na que previamente e coa suficiente antelación se lles comunicará, que comezaría o exame, e deberán envalos ao correo electrónico do profesor do curso, ben en formato jpeg ou pdf, antes da hora marcada como remate do mesmo, non recolléndose, ningún exame que chegue con posterioridade a esa hora. Valendo en todo o restante o establecido na presente programación.

A) MÉTODO PARA PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA:

Se houbera algún alumno no curso que non tivera ordenador ou non tivera conexión a internet, primeiramente o centro procurará facilitarlle un, así como a conexión a internet, e si se chegara a dar o caso, que algún alumno inda así non tivera ordenador ou conexión a internet, intentarase manter o seu dereito á educación, coordinándose co seu titor para que este lle faga chegar os apuntamentos, os enunciados dos traballos a realizar e lle recolla o mesmo e llo mande ao profesor da materia para a súa corrección, mediante o contacto do titor cun familiar ou ben polo procedemento que o centro, a AMPA ou o concello determinaran; para a realización dos exames seguirase un procedemento similar, pero establecendo tamén un tempo límite para os mesmos.

B) MÉTODO CO QUE O PROFESORADO ASEGURARÁ O SEGUIMIENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO, NO ENSINO A DISTANCIA:

No caso do ensino a distancia, o método que o profesorado utilizará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado, será dobre: por unha banda durante as vídeo-conferencias realizadas coa aplicación Cisco Webex Meetings, facilitada pola Consellería de Educación, coas que se impartiría teoría e práctica, así como se aclararían dúbidas tanto da teoría como dos traballos a realizar, e que se impartirían o mesmo número de horas por semana, que o alumnado da materia en cuestión, tivera no seu horario, se pasaría lista para ver que alumnos están conectados e cales non o están, así como aqueles que participan, ben contestando preguntas ou expoñéndoas eles para aclarar dúbidas; e por outra banda mediante a entrega dos traballos propostos en cada unidade didáctica, enviándoos ao correo electrónico do profesor para a súa corrección, nas datas previamente fixadas, así como coa realización dos exames establecidos, nos días e horas marcadas para cada un deles. No caso de que houbera algún alumno que non teña ordenador ou non teña conexión a internet o procedemento para controlar o seguimento continuo do curso por parte deste alumnado, será mediante a entrega dos traballos e dos exames nas datas prefixadas, así como mediante o contacto do titor cun familiar ou ben polo procedemento que o centro, a AMPA ou o concello determinaran, para entregarlle e recollerlle os apuntes, láminas, traballos e exames.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Dibujo Técnico I-1º Bacharelato. Francisco Javier Rodríguez de Abajo, Víctor Álvarez Bengoa, José de Domingo Acinas. Ed. Donostiarra. ISBN: 978-84-7063-636-3.
Libro dixital da Editorial Donostiarra, que se corresponde co libro en papel anteriormente citado, e no que aparecen presentacións, conexións a páxinas web e a vídeos, etc ...
Guía Práctica Debuxo Técnico I (Cadernillo láminas). Joaquín Gonzalo Gonzalo. Ed Donostiarra. ISBN: 978-84-7063-637-0
Recursos didácticos dixitais da Editorial Donostiarra para as unidades didácticas do citado libro: Presentacións, reforzos e afondamentos, proposicións de actividades individuais e colaborativas, solucionarios de actividades do libro e da Guía Práctica Debuxo Técnico I.
Material Didáctico: constituído polo diverso material co que conta a aula de debuxo e o que traia o alumnado, para a realización do debuxo lineal, como son: escuadra, cartabón, compás, escalímetro, lapis ou portaminas, afialapis ou afiaminas, rotuladores, plantillas de curvas, goma, paralex , etc; diversos tipos de papel e cartolinas,
Material audiovisual: Computador, canón de proxección e encerado vilela para proxectar sobre el e para debuxar igual que tamén se debuxará sobre a encerado para tiza.

Material de Consulta: formado polo conxunto de libros e cadernos de prácticas que as diversas editoriais subministraron ao centro para a materia de Debuxo Técnico e polos diversos libros de consulta de que dispón a biblioteca do centro.

Carpeta para gardar e ordenar as láminas, traballos propostos e situacións de aprendizaxe, tanto individuais coma colaborativos, realizados tanto na clase como na casa.

As clases normalmente se impartirán na aula de debuxo, pero cando a materia precise a utilización dos ordenadores e de determinados programas informáticos se utilizará reservándoa previamente tanto a aula de informática, como a aula de recursos do centro, inda que tamén realizarán traballos cos ordenadores que teñan nas súas casas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial cando se realice, proporcionará datos acerca do punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os contidos ou saberes básicos previos e sobre o grao de adquisición dos obxectivos específicos da materia e das competencias clave, así como das características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.

DATA PREVISTA DE REALIZACIÓN:

Tras a primeira sesión do curso, utilizada para as presentacións do profesor e dos alumnos, así como da materia, explicándolles de forma breve cuestións relacionadas coa marcha do curso, tales como: material básico necesario, funcionamento do curso, metodoloxía da impartición das unidades didácticas e a súa secuenciación e temporalización, criterios e instrumentos de avaliación e de cualificación, etc. Dedicarase a segunda e a terceira sesión se fora preciso, no curso de 1º de Bacharelato, na materia de Debuxo Técnico I á realización da avaliación inicial, tanto da parte teórica de observación de contidos e actitudes, como da parte práctica de observación de destrezas e habilidades, para establecer así o grao de adquisición dos obxectivos específicos da materia e das competencias clave que ten o alumnado.

DESCRIPCIÓN DO TIPO DE PROBA:

A proba a realizar polo alumnado no curso de 1º de Bacharelato, na materia de Debuxo Técnico I, terá dúas partes: unha teórica na que mediante preguntas cortas se sondarán os contidos e actitudes dos distintos temas da materia, as veces tamén respostas a preguntas cortas, sobre procedementos a seguir para a resolución xeométrica de distintos problemas; e unha segunda parte práctica, para sondar as destrezas e habilidades tamén establecidas para o curso en cuestión. Mostrando entre ambas o nivel de adquisición dos obxectivos específicos da materia e o grao de adquisición de competencias clave acadadas.

MECANISMO PARA INFORMAR ÁS FAMILIAS:

Poderá ser de dous tipos, a través do titor tras a información facilitada ao mesmo, normalmente dentro da primeira quincena do mes de outubro; ou ben persoalmente polo propio profesor desta materia, directamente aos pais dos alumnos cando estes así llo soliciten ao titor.

CONSECUENCIAS DOS RESULTADOS DAS PRUBAS:

Os resultados das probas utilizaranse para ver o nivel do grupo en xeral, e dos alumnos en particular nos distintos temas, ver tamén en que cuestións se deberá incidir máis ao longo do curso, por haber un nivel inferior ao desexable, así como decidir en que casos os alumnos precisarán medidas de atención á diversidade, de tipo apoio ou reforzo ou de afondamento e ampliación, ou incluso de adaptacións curriculares significativas; todo ao obxecto de poder colocar ao alumnado nas mellores condicións, para acadar os obxectivos específicos da materia co que contribuirá esta a acadar as competencias clave e obxectivos da etapa marcados na programación e establecidas polo currículo para acadar na etapa o perfil de saída do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	25	20	20	10	100
Proba escrita	75	75	80	75	70	75	75
Táboa de indicadores	25	25	20	25	30	25	25

Crterios de cualificación:

PERIODICIDADE COA QUE SE FARÁN PROBAS ESCRITAS E GRÁFICAS:

No curso de 1 de Bacharelato na materia de Debuxo Técnico I, se realizarán cada unidade didáctica. Normalmente se confeccionará en cada proba, dúas partes, unha teórica de unhas 10 ou 20 preguntas curtas, para avaliar contidos e actitudes e outra práctica duns 3, 4 ou 5 exercicios para avaliar as destrezas, capacidades e obxectivos específicos, que se relacionan coas competencias clave mediante os descritores operativos. Algunhas veces tamén se poderán facer probas únicas que engloben cuestións teóricas e prácticas, así como de análise, creación e emprendemento.

COMO SE CUALIFICAN AS PROBAS, TRABALLOS INDIVIDUAIS E COLECTIVOS E OBSERVACIÓN DO TRABALLO NA AULA:

Feita a correspondente avaliación ao alumnado da materia de Debuxo Técnico I, no curso de 1º do Bacharelato; seguindo os criterios de avaliación, para avaliar os obxectivos específicos e o seu grao de consecución, para cada unidade didáctica do curso, e traducida esta avaliación a unha puntuación numérica, que para cada criterio de avaliación se ponderará do seguinte xeito: a media das notas obtidas mediante os instrumentos de avaliación establecidos (táboa de indicadores, prácticas, láminas, traballos e proxectos e situacións de aprendizaxe tanto individuais como cooperativas) valerán o 25% da nota do criterio de avaliación correspondente, e a nota obtida nos exames teóricos e prácticos para este criterio de avaliación, supoñerá o 75% (25% para exame teórico e 50% para exame práctico) do criterio de avaliación en cuestión, tendo en conta que cando un criterio de avaliación non se avalía en ningún exame dos citados, a nota do mesmo será o 100% da correspondente a media das notas obtidas mediante os instrumentos de avaliación establecidos, e cando so se avalíe este criterio de avaliación nun dos exames citados a ponderación será o 25%, se é o exame teórico ou o 50% se é o exame práctico, e o restante 75% no primeiro caso ou o 50% no segundo para a nota media das notas obtidas mediante os instrumentos de avaliación establecidos. Logo procederase á obtención da nota de cada unidade didáctica do curso, aplicando o seguinte proceso que previamente expoñerase e explicarse ao alumnado ao principio de cada avaliación e que consistirá na obtención da media ponderada das notas obtidas para cada criterio de avaliación, multiplicado pola porcentaxe establecida na programación para cada un deles.

ASPECTOS RELATIVOS Á PARTICIPACIÓN, TRABALLO E ACTITUDE EN CLASE DO ALUMNADO, ASÍ COMO PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS NAS DATAS LÍMITES MARCADAS, DURANTE O DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS NO BACHARELATO:

- Atención en clase tanto ás explicacións do profesor, como as intervencións dos seus compañeiros.
- Participación activa nos análises, coloquios e preguntas expostas en clase.
- Actitude activa en clase e pregunta as dúbidas que ten, mostrando afán de superación.
- Traballa e aproveita o tempo na clase, durante a realización dos traballos individuais e en grupo.
- Presenta os traballos feitos durante a unidade didáctica, dentro das datas límite marcadas.

Todos estes aspectos serán observados de xeito continuado e permanente polo profesor en cada curso, ao longo das unidades didácticas, todo isto será debidamente explicado ao alumnado, ao inicio de cada avaliación do curso, para que o teñan sempre presente e o cumbran.

COMO SE CALCULA A CUALIFICACIÓN DE CADA UNHA DAS AVALIACIÓNS:

A cualificación de cada unha das tres avaliacións do curso se calculará da seguinte forma: como en cada unha das avaliacións haberá dúas unidades didácticas e cada unha delas terá unha nota final, calculada en función dos pesos dos seus criterios de avaliación, a nota da avaliación se calculará tomando os pesos específicos de cada unidade didáctica no curso e obtendo a media ponderada das notas de cada unidade didáctica, pero tomando a repercusión dos pesos de cada unha delas dentro do 100% da avaliación e calculando o peso que as mesmas teñen na avaliación, considerando a eses efectos a suma dos pesos das dúas como o 100% da avaliación, e ponderando a nota de cada unidade didáctica da avaliación co peso calculado dentro da avaliación para cada unidade didáctica. Tendo en conta que para a determinación de todas estas notas, se traballará por redondeo, coa excepción do tramo comprendido entre o 4 e o 5 que se traballará por truncamento; debendo por tanto para aprobar chegar matematicamente ao 5. Todo isto aplicarase, sempre e cando presenten todos os traballos propostos na avaliación; tamén se deberá cumprir que as notas de cada unidade didáctica, sexan iguais ou superiores a 3,5 puntos. As notas dos distintos criterios de

avaliación, obtidos a través dos instrumentos de avaliación utilizados, puntuaranse de 1 a 10 puntos.

No caso de que un alumno de 1º de Bacharelato non se presente aos exames realizados na avaliación, na data establecida, sen xustificante documental, este non terá opción á repetición do exame.

COMO SE CALCULA A CUALIFICACIÓN FINAL DE CURSO:

A cualificación final de curso para aquel alumnado que cumpra as seguintes condicións:

- Que non teña ningún traballo individual ou colectivo do curso sen entregar.
- Que teña máis dunha avaliación suspensa e con nota non inferior a 3,5.
- Que a aplicación da ponderación das notas das unidades didácticas do curso lle de como mínimo un 5.

Se calculará obtendo a media ponderada de todas as unidades didácticas do curso, segundo se establece na citada ponderación da presente programación.

ALUMNADO QUE DEBERÁ REALIZAR A AVALIACIÓN GLOBAL FINAL DA CONVOCATORIA ORDINARIA:

O alumnado que deberá realizar as probas da avaliación final, será aquel que incumpra calquera das seguintes tres condicións:

- Que teña algún traballo individual ou colectivo do curso sen entregar.
- Que teña máis dunha avaliación suspensa; ou ben que tendo só unha avaliación suspensa sexa cunha nota inferior a 3,5 puntos.
- Que tendo só unha avaliación suspensa e con nota superior a 3,5 puntos, a nota media ponderada das notas das unidades didácticas do curso, non chegue a 5 puntos.

DESCRIPCIÓN DO TIPO DE PROBA DA AVALIACIÓN GLOBAL FINAL DA CONVOCATORIA ORDINARIA E DA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA:

O alumnado que terá que presentarse á proba global final da convocatoria ordinaria se recolle no punto anterior, e o alumnado que non supere a materia nesta proba poderá e deberá presentarse a proba global final da convocatoria extraordinaria.

As probas correspondentes á avaliación global final, tanto da convocatoria ordinaria como da convocatoria extraordinaria consistirán nun exame que constará de:

- Unha parte teórica consistente nunhas 20 preguntas curtas, que cualifiquen saberes básicos e distintos criterios de avaliación correspondentes a todas as unidades didácticas do curso, así como obxectivos específicos da materia, relacionados coas competencias clave do perfil de saída mediante os descritores operativos e tamén cos obxectivos da etapa. Puntuando sobre 10 puntos a totalidade desta parte.
- Unha parte práctica con 5 ou 6 exercicios relacionados coas unidades didácticas, na que o alumnado poda demostrar a súa capacidade de análise, de crítica, de creatividade, de iniciativa persoal, do dominio das técnicas e da linguaxe xeométrica, normativa e tamén a orde na realización dos exercicios; e que se corresponderán con distintos criterios de avaliación, correspondentes a todas as unidades didácticas do curso, así como con obxectivos específicos da materia, relacionados coas competencias clave do perfil de saída mediante os descritores operativos e tamén cos obxectivos da etapa. Puntuando sobre 10 puntos a totalidade desta parte.

A nota final correspondente a estas probas na materia de Debuxo Técnico de 1º de Bacharelato, obterase como redondeo (salvo no tramo do 4 ao 5 que se fará por truncamento), da media ponderada seguinte: o 30% da nota lle corresponde a proba teórica e o 70% restante lle corresponderá a parte práctica, sempre e cando en cada unha delas por separado, se consiga un mínimo de 3,5 puntos.

Nalgunha ocasión tamén se poderá optar por unha única proba, que englobe preguntas tanto teóricas como prácticas, similares ás das probas citadas anteriormente. Puntuando neste caso a totalidade desta proba sobre 10 puntos. Para o aprobado o alumno deberá chegar aos 5 puntos.

No período de tempo que vai dende a realización da proba da avaliación global final da convocatoria ordinaria ata a data da proba global final da convocatoria extraordinaria, o alumnado que teña a materia suspensa, deberá preparar a citada proba.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN QUE SE TERÁN EN CONTA NA AVALIACIÓN GLOBAL FINAL ORDINARIA E EXTRAORDINARIA:

Os criterios de avaliación que se usarán para as probas da avaliación global final, tanto da convocatoria ordinaria como extraordinaria, comprenderán a todos os vistos no curso, aínda que de cara á realización das probas, farase unha selección dos mesmos, procurando escoller nas mesmas, os máis importantes ou destacados, correspondentes aos obxectivos específicos da materia, sobre todo na parte práctica, xa que a avaliación de absolutamente todos os do curso, supoñería unha proba esaxeradamente longa e esgotadora.

Criterios de recuperación:

MECANISMO PARA RECUPERAR UNHA PROBA NON SUPERADA:

Neste curso non se establece un mecanismo para recuperar unha proba concreta non superada, xa que ao haber máis elementos de avaliación dentro de cada unidade didáctica, non implica suspender unha actividade ou proba concreta, que non se podan adquirir os contidos, destrezas e criterios de avaliación así como os obxectivos da unidade didáctica.

MECANISMO PARA RECUPERAR UNHA AVALIACIÓN SUSPENSA:

Para cada avaliación do curso os alumnos disporán dunha recuperación, a facer na metade da avaliación seguinte, salvo a recuperación da terceira avaliación que se fará ao final de curso, que consistirá en: si non se fixeron no seu momento, todos os traballo e actividades das dúas unidades didácticas, das que forman parte os instrumentos da avaliación dos criterios de avaliación das unidades didácticas que corresponden á avaliación a recuperar, será imprescindible facelos para poder realizar a recuperación da avaliación suspensa ou se terán que repetir os máis importantes, non superados, para a citada recuperación (debéndose de facer moito fincapé na obrigatoriedade de cumprir este último); e logo se fará unha proba onde se cualificaran os distintos criterios de avaliación que ou ben non recollen as actividades citadas ou ben que inda recolléndoos prefírase avaliar na proba, aplicándolle neste caso a porcentaxe do peso dese criterio de avaliación á nota obtidas coa cualificación dos mesmos, segundo se explicou no apartado anterior. A nota da recuperación da avaliación se obterá co mesmo procedemento descrito para obter a nota da avaliación, no seu momento; obtendo primeiramente a nota da recuperación das unidades didácticas desa avaliación a recuperar, tamén tal e como se fixera durante a avaliación. Considerándose a avaliación recuperada se o alumno aplicando este procedemento chega aos 5 puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste curso de 1º de Bacharelato non se pode dar este caso, dado que o alumnado pasa a 1º de Bacharelato despois de titular na ESO, polo que pasará sen materias pendentes. Este caso si se poderá dar en 2º de Bacharelato xa que poden pasar alumnos a 2º de Bacharelato que teñan tamén a materia de Debuxo Técnico I, de 1º de Bacharelato suspensa e polo tanto pendente, pasase a describir este punto aquí neste curso, pois se ben os afectados son alumnos de 2º de Bacharelato, a materia corresponde a este curso de 1º de Bacharelato.

SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES:

Este próximo curso 2023-2024, a recuperación de materias pendentes do curso pasado, deberá realizarse tendo en conta o establecido na LOMLOE e na programación establecida en base a mesma no curso 2022-2023, xa que era a lei e programación que estaban en vigor no momento no que este alumnado cursou a materia.

MECANISMOS PARA O SEGUIMIENTO:

Co obxecto de facilitar ao alumnado de 2º de Bacharelato, que teña a materia de Debuxo Técnico I pendente do 1º curso de Bacharelato, a súa superación, e para organizar as actividades que permitan facerlle un seguimento, así como a recuperación e a avaliación das mesmas, establécense dous procedementos que non son mutuamente excluíntes.

PROCEDEMENTO DE SUPERACIÓN CONTINUADO:

Consistirá nun seguimento parcial e continuado do alumno que a teña pendente; do proceso de aprendizaxe e superación da materia de Debuxo Técnico I, correspondente ao curso de 1º de Bacharelato. En base as competencias clave a acadar, aos obxectivos perseguidos, aos contidos impartidos, así como aos criterios da avaliación establecidos e a seu grao mínimo de consecución establecidos para eles, na correspondente programación do curso pasado; así como a secuenciación e temporalización da materia especificada por avaliacións, correspondentes tamén á programación do curso pasado, que foi cando se lle impartiu esta materia aos alumnos citados; márcanse igualmente tres bloques parciais correspondentes cada un deles, con cada avaliación do curso; e establécense para cada bloque o seguinte plan de traballo:

- Exercicios prácticos: proposición ao comezo do curso ou de cada bloque por parte do profesor xefe do departamento de debuxo, dunha serie de exercicios prácticos, propostos xa no ano anterior, para a súa realización por parte do alumnado na casa. Debendo realizar este unha entrega da metade dos mesmos no medio da avaliación e da outra metade, ao finalizar esta, (marcándose datas de entrega específicas en cada caso). Se establecerá un recreo, un ou dous días á semana (a determinar co alumnado, segundo as súas necesidades, o número de alumnos pendentes e do tempo dispoñible), na aula de debuxo, para clases de recuperación, aclaración de dúbidas teóricas e prácticas e para facer un seguimento do traballo dos alumnos, para que o entreguen nas datas fixadas; sendo a asistencia a aula de debuxo, nos citados recreos obrigatoria.

- Proba teórico-práctica: coincidindo sensiblemente co final da avaliación, realizarase unha proba por bloque, dividida en dúas partes: a primeira teórica na que se poñerán preguntas curtas conceptuais e actitudinais sobre a materia abarcada, e onde o alumno poida demostrar o seu grao de aprendizaxe conceptual e actitudinal, e a segunda práctica, na que se poñerán exercicios prácticos do estilo dos realizados nos traballos feitos en cada bloque, onde o alumno poida demostrar a súa capacidade de análise, crítica, creatividade, dominio das técnicas gráficas e dominio das linguaxes xeométricas, así como a orde na realización dos traballos. Ambas probas estarán orientadas a comprobación de si o alumnado vai adquirindo e superando os criterios de avaliación establecidos para as unidades didácticas que forman o bloque a avaliar, así como os obxectivos específicos da materia e as competencias clave.

PROCEDEMENTO DE SUPERACIÓN EN PROBA GLOBAL FINAL:

Realizaranse dúas probas globais finais para a materia pendente de Debuxo Técnico I, correspondente ao curso de 1º

de Bacharelato, celebrándose a primeira antes da correspondente xunta de avaliación final da convocatoria ordinaria do curso, e a segunda celebrándose antes da correspondente xunta de avaliación final da convocatoria extraordinaria do curso, e ás que poderán presentarse os alumnos que teñan esta materia pendente, así como os que non conseguiran superar a materia pendente, polo procedemento descrito anteriormente.

COMO SE AVALÍA E COMO SE CALCULA A CUALIFICACIÓN FINAL:

Para a superación da materia pendente polo "procedemento de superación continuado" antes descrito, é necesario entregar todos os traballos prácticos propostos para cada bloque; así como presentarse ás probas teórico-prácticas de todos os bloques.

A puntuación de cada bloque na materia de Debuxo Técnico I de 1º de Bacharelato obterase do seguinte xeito:

- Un 25% da cualificación obterase da media aritmética, correspondente aos exercicios prácticos feitos e entregados durante o período de desenvolvemento do bloque correspondente, sendo cada traballo do mesmo, puntuado de xeito individual, e influindo nos criterios de avaliación establecidos na porcentaxe indicada, .cando estes se recollan nestas probas.

- Un 75% da cualificación corresponderá á proba teórico-práctica, valorándose nun 25% a parte teórica de coñecementos conceptuais e actitudinais, e nun 50% a parte práctica de valoración de procedementos, destrezas, habilidades e capacidades, e influindo nos criterios de avaliación establecidos na porcentaxe indicada, cando estes se recollan nestas probas.

A nota do bloque se calculará tomando os pesos específicos de cada unidade didáctica do curso e obtendo a media ponderada das notas de cada unidade didáctica, pero tomando a repercusión dos pesos de cada unha delas dentro do 100% do bloque e calculando o peso que as mesmas teñen no bloque, considerando a eses efectos a suma dos pesos das dúas como o 100% da avaliación, e ponderando a nota de cada unidade didáctica do bloque co peso calculado dentro do bloque para cada unidade didáctica.

A nota final da materia pendente de Debuxo Técnico I, por este procedemento, obterase por redondeo (salvo no intervalo do 4 ao 5 que se obterá por truncamento) da media ponderada das notas obtidas en cada unidade didáctica do curso; sempre e cando en cada unha por separado, non se teña unha nota inferior a 3,5 puntos.

Para a superación da materia pendente polo "procedemento de superación en proba global final" os exames constarán de:

- Unha parte teórica consistente nunhas 20 preguntas curtas, que comprendan contidos de todas as unidades didácticas ou temas da programación do curso, nas que se avaliarán contidos e actitudes, relacionados cos criterios de avaliación, tidos en conta na proba, así como os obxectivos e as competencias clave. Puntuando sobre 10 puntos a totalidade desta parte.

- Unha parte práctica con 5 ou 6 exercicios relacionados con varias unidades didácticas ou temas, na que o alumnado poda demostrar a súa capacidade de análise, de crítica, de creatividade, de iniciativa persoal, do dominio das técnicas gráficas e do dominio da linguaxe xeométrica, así como a orde na realización dos exercicios; relacionados cos criterios de avaliación, tidos en conta na proba, así como os obxectivos e as competencias clave. Puntuando sobre 10 puntos a totalidade de esta segunda parte tamén.

A nota final correspondente a estas probas na materia de Debuxo Técnico I no curso de 1º de Bacharelato, obterase como redondeo (salvo no tramo do 4 ao 5 que se fará por truncamento), da media ponderada seguinte aplicada aos correspondentes criterios de avaliación: o 30% da nota lle corresponde a proba teórica e o 70% restante lle corresponderá a parte práctica, sempre e cando en cada unha delas por separado, se consiga un mínimo de 3,5 puntos.

Nalgunha ocasión tamén se poderá optar por unha única proba, que englobe preguntas tanto teóricas como prácticas, similares ás das probas citadas anteriormente. Puntuando neste caso a totalidade desta proba sobre 10 puntos. Para o aprobado o alumno deberá chegar aos 5 puntos.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

No caso de alumnos de 2º de Bacharelato, que queiran cursar Debuxo Técnico II, sen ter cursado Debuxo Técnico I de 1º de Bacharelato; por considerarse ambas materias en continuidade, xa que non se pode aprobar Debuxo Técnico II de 2º de Bacharelato, sen ter aprobado o Debuxo Técnico I de 1º de Bacharelato; o Departamento de Debuxo deste centro, establece un procedemento para a Acreditación dos Coñecementos Previos da materia de Debuxo Técnico I de 1º de Bacharelato, para os casos antes citados, consistente no mesmo procedemento explicado para o caso do alumnado matriculado en 2º de Bacharelato, coa materia de Debuxo Técnico I de 1º de Bacharelato pendente, dispoñendo tamén neste caso dos dous procedementos alí descritos : "Procedemento de Superación Continuado" e "Procedemento de Superación en Proba Global Final", podéndose facer esta última, tanto en setembro antes de comezar o curso, como ao final de curso antes de obter a nota final do Debuxo Técnico II de 2º de Bacharelato, si non se superou o procedemento de superación continuado.

6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, na materia de Debuxo Técnico I no curso de 1º de Bacharelato, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e as medidas que poderán ser tanto ordinarias como extraordinarias e a súa vez dentro destas dúas, tanto organizativas como curriculares, serán as necesarias, para que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

6.1.- MEDIDAS ORDINARIAS:

6.1.1.-ORGANIZATIVAS:

Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula:

- TEMPOS DIFERENCIADOS, HORARIOS ESPECÍFICOS: Nos casos dos alumnos que precisen un reforzo educativo, na materia de Debuxo Técnico I de 1º de Bacharelato, o profesor deste curso, na aula de debuxo e nas propias horas de clase, cando os alumnos estean a realizar de xeito individual as súas prácticas, poderá atender de forma individualizada aqueles alumnos que polas súas características o precisen, mediante: explicacións individualizadas, axuda e directrices personalizadas para facer as actividades propostas, etc.

- ESPAZOS DIFERENCIADOS: En xeral as clases de Debuxo Técnico I de 1º de Bacharelato, se impartirán na aula de debuxo, dado a conveniencia de utilización do seu mobiliario e material e recursos didácticos específicos cos que a mesma conta. Dentro da propia clase de debuxo, aínda que o reducido tamaño da mesma non o favorecen, intentarase facer agrupamentos específicos para determinados traballos en grupo, así como algún agrupamento ou emparellamento de alumnos para a posta en práctica do sistema de titoría e axuda entre iguais. Nas ocasións que se precisen, tamén se usarán as aulas de informática, para a realización de prácticas e traballos cos ordenadores, nestes casos tamén se procurará a utilización do sistema citado de titoría e axuda entre iguais. A participación nas actividades extraescolares (visitas a museos e exposicións) favorece especialmente tamén a aprendizaxe do alumnado con NEAE en espazos diferentes á aula ordinaria ou específica, polo cal a súa participación nestas saídas é un obxectivo que se debe promover.

- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS DIFERENCIADOS: A atención á diversidade contéplase tamén na estruturación dos materiais utilizados. Nos libros de texto, así como nos recursos existentes no seu complemento dixital, dispónse de materiais segundo as metas a acadar e as propostas de traballos de creación. Ademais, prestaranse a unha diferenza de concepción, de realización e de acabado de xeito que todos os alumnos, individualmente ou en grupo, poidan servirse dos coñecementos adquiridos, como o seu medio de expresión gráfica. Por outra banda, o uso dos materiais de reforzo ou ampliación, permiten igualmente atender á diversidade. O libro e os recursos dixitais que complementan a este, así como as prácticas propostas polo profesor, para a materia de Debuxo Técnico I, no curso de 1º de Bacharelato, proporcionan unha variedade de materiais. Así a utilización de materiais didácticos complementarios permite axustar o proceso de ensino-aprendizaxe ás diferenzas individuais dos alumnos. De forma xeral, este tipo de material persegue o seguinte:

- Consolidar contidos ou saberes básicos, cuxa adquisición por parte dos alumnos e alumnas supón unha maior dificultade.

- Ampliar e profundar en temas de especial relevancia para o desenvolvemento da área, e dos obxectivos da materia e das competencia clave e obxectivos da etapa.

- Practicar habilidades instrumentais ligadas aos contidos e aos obxectivos da área.

- Practicar habilidades que fomenten o espírito crítico, así como o sentido de iniciativa, innovación, investigación e o espírito emprendedor.

- Enriquecer o coñecemento daqueles temas ou aspectos sobre os que os alumnos mostran curiosidade e interese, e orientalos e mobilizalos para a resolución de problemas e situacións de aprendizaxe concretas e vinculadas coa vida cotiá.

Todo iso coa finalidade do logro dos obxectivos da materia e da adquisición das competencias clave e dos obxectivos da etapa.

- REFORZO EDUCATIVO E/OU APOIO DE PROFESORADO NA AULA: A realización tanto do reforzo educativo como do apoio educativo, na materia de Debuxo Técnico I, debería facerse como se indica nos apartados precedentes.

6.1.2.-CURRICULARES:

- ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS PARA ALGÚN ALUMNO/GRUPO COMO, TRABALLO COLABORATIVO EN GRUPOS HETEROXÉNEOS, TITORÍA ENTRE IGUAIS, ETC: A área de Debuxo Técnico no Bacharelato, contempla aqueles contidos e obxectivos da materia, nos que os alumnos mostran un nivel menos homoxéneo. Tal é o caso da comprensión dalgúns aspectos que esixen un alto nivel de comprensión espacial ou un nivel de execución moi especializado.

Diversificarase a información conceptual para que cada grupo de alumnos, segundo o criterio do profesor, poida comprender os contidos dun xeito máis sinxelo e adecuado, e desenvolvan as obxectivos da materia dun xeito flexible, utilizando problemas e situacións de aprendizaxe variadas, completas e flexibles que lles permitan a comprensión dos contidos e o desenvolvemento dos obxectivos da materia, así como a percepción do éxito do alumnado nas mesmas. Tendo en conta que non todos os alumnos adquiren ao mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos e os obxectivos tratados, deberase asegurar un nivel mínimo para todos os alumnos ao final da etapa, que consistirá no perfil de saída do Bacharelato, presentando oportunidades para recuperar o non adquirido no seu momento. Asumiranse as diferenzas no interior do grupo e propoñeranse exercicios de diversa dificultade, e situacións de aprendizaxe flexibles, distinguíndose os exercicios que se consideran realizables pola maioría de alumnos.

A metodoloxía e as estratexias didácticas concretas que se aplicarán na aula, por tanto contemplarán a diversidade dos alumnos. Ditas estratexias afectarán fundamentalmente á ensinanza dos conceptos ou saberes básicos e aos diferentes niveis de execución e dificultade na proposta de actividades e situacións de aprendizaxe para a adquisición dos obxectivos da materia e a súa contribución para adquisición das competencias clave e obxectivos, do perfil de saída da etapa por parte do alumnado.

- En canto á ensinanza de contidos ou saberes básicos, realizarase a partir das imaxes concretas e a través de experiencias sinxelas e análise que se poden ter na aula. Permite, por tanto, respectar as diferenzas individuais por medio da elección do proceso didáctico que se acomode a cada alumno.

- En canto ás formas de expresión realizadas a través das propostas de actividades en problemas e situacións de aprendizaxe concretas para o desenvolvemento dos obxectivos da materia, ábrese toda unha gama de posibilidades onde se estimula especialmente a imaxinación, a creatividade e o gozo estético, que fagan natural a comunicación.

En xeral pódese dicir que as formas didácticas intentarán ter en conta o punto de partida de cada alumno, as súas dificultades específicas e as súas necesidades de comunicación.

Por outra banda, e tendo en conta na metodoloxía as formas de agrupamento; a organización de grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite:

- Que os alumnos poidan situarse en distintas tarefas.

- Propor actividades de reforzo ou afondamento segundo as necesidades de cada grupo.

- Adaptar o ritmo de introdución de novos contidos e actividades.

O traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, é a metodoloxía seguida na clase, cando estase a dar os contidos, ou se ven os recursos dixitais do libro dixital do curso. Así como se propoñen traballos en grupo, tratando na medida do posible, que ao longo do curso todos traballen con todos. Non obstante cando se manden traballos en grupo para casa, procurarase que os alumnos vivan máis ben preto uns dos outros, para facilitarlles as reunións.

Se realizarán tamén sempre que se considere necesario e convinte e o carácter do alumnado o permita a utilización da técnica de titorías entre iguais, de cara a que o alumnado que teña unha especial capacidade, visión espacial ou destreza na utilización dos conceptos, recursos xeométricos, técnicos ou informáticos, poda axudar a outro alumnado con máis problemas e dificultades.

- ADAPTACIÓN DOS TEMPOS E/OU INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA ALGÚN ALUMNO/A: No curso de 1º de Bacharelato na materia de Debuxo Técnico I, cando se detecten casos de alumnos con dificultades de diversa índole: problemas de comprensión, problemas de psicomotricidade fina, trastornos de déficit de atención e hiperactividade, problemas de falta de visión espacial, etc. si se considera convinte e necesario, se adaptarán tanto as probas teóricas como sobre todo as prácticas, a realizar para avalialos, intentando que sexan o máis sinxelas de interpretar. Tamén se intentará adaptar os tempos de realización das mesmas, procurando aumentar os tempos de execución das probas, para o que se intentará sempre que sexa posible facer estas pola tarde ou ben de xeito que se podan iniciar durante un recreo, por coincidir antes da hora elixida para facer as probas, ou ben continuar ao longo dun recreo por coincidir despois da clase elixida para facelas, ou incluso se fora necesario que continúen máis tempo facendo o exame en parte da hora seguinte de clase, noutra aula; ou ben tamén se fose necesario, reducindo a materia a avaliar.

- PROGRAMAS DE REFORZO PARA O ALUMNADO QUE TIVO PROMOCIÓN SEN SUPERAR TODAS AS MATERIAS:

Neste curso de 1º de Bacharelato non se pode dar este caso, dado que o alumnado pasa a 1º de Bacharelato despois de titular na ESO, polo que pasará sen materias pendentes. Este caso si se poderá dar en 2º de Bacharelato xa que poden pasar alumnos a 2º de Bacharelato que teñan a materia de Debuxo Técnico I, de 1º de Bacharelato suspensa e polo tanto pendente, pasase a describir este punto aquí neste curso, pois se ben os afectados son alumnos de 2º de Bacharelato, a materia corresponde a este curso de 1º de Bacharelato.

No caso dos alumnos que promocionen a 2º de Bacharelato coa materia de Debuxo Técnico I de 1º de Bacharelato pendente, seguirán o "Programa de Superación Continuado de Materias Pendentes", especificado no apartado "Recuperación e Avaliación de Pendentes", podendo tamén de non superar a materia por este procedemento, presentarse ao "Procedemento de Superación en Proba Global Final", descrito tamén neste mesmo apartado; que se corresponderán coa programación do curso anterior por ser esta a que se lles impartiu, cando cursaron o curso que teñen pendente e realizada segundo a LOMLOE.

- PROGRAMA ESPECIFICO PARA ALUMNADO REPETIDOR DA MATERIA: O alumnado repetidor do curso de 1º de Bacharelato, no que se imparte a materia de Debuxo Técnico I, si no curso anterior, logran superar esta materia, a cursarán igual que o resto dos alumnos deste ano, sen necesidade de aplicar ningún tipo de medidas de atención á diversidade.

- NO CASO QUE REPETINDO O CURSO, NO ANO ANTERIOR NON LOGRARA SUPERAR A MATERIA DE DEBUXO TÉCNICO: E este feito fora imputable á falta de traballo e estudo, se solicitará a través do titor, a colaboración de este e dos pais na casa, xa que contando coa información precisa, intentarase facerlle un seguimento e control, de xeito que entregue todas as actividades nas datas fixadas e estude e prepare as probas teórico-prácticas co suficiente tempo de antelación. Cando polo feito no ano anterior non lograra aprobar a materia, e fose imputable a dificultades de diversa índole, se lle aplicarán as medidas de reforzo educativo que sexan necesarias, tendo en conta as dificultades presentadas polo alumno o ano anterior; podendo destacar entre estas medidas: atención individualizada na aula, material de reforzo, metodoloxías específicas, adaptacións nos tempos e nos instrumentos de avaliación, etc.

- APLICACIÓN PERSONALIZADA DO PROGRAMA ESPECÍFICO PARA REPETIDORES DA MATERIA: Segundo as características de cada alumno repetidor da materia de Debuxo Técnico I de 1º de Bacharelato, se estudarán as medidas de reforzo educativo máis adecuadas, para dar resposta ás necesidades concretas do alumno, tal e como explicamos no apartado anterior.

No caso de que en algún alumno, as medidas de reforzo educativo contempladas no punto anterior, non sexan suficientes para poder dar resposta ás necesidades educativas que presente, será convinte poñerse en contacto co departamento de orientación, de cara a estudar outras medidas.

6.2.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

6.2.1.-ORGANIZATIVAS:

- ALUMNADO QUE RECIBE APOIO POR PARTE DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA: No caso de contar na aula de debuxo, con alumnado que reciba apoio por parte do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou en audición e linguaxe; é convinte a principio de curso, obter información sobre as dificultades e necesidades que pode ter este tipo de alumnado, dos citados especialistas así como do departamento de orientación en xeral, de cara a organizar e deseñar as medidas ordinarias e extraordinarias, que poidan ser necesarias con este alumnado na materia de Debuxo Técnico I de 1º de Bacharelato, en función das súas dificultades e situación persoal e académica, estes casos no alumnado de bacharelato, son moi pouco frecuentes ou casi inexistentes.

Para o anteriormente exposto, se terá en conta que a escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, rexerase polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo. A súa identificación e valoración e se é necesaria a intervención educativa, realizarase do xeito máis temperán posible. A incorporación tardía dos alumnos ao sistema educativo, por diversas causas, se realizará nas condicións establecidas no currículo galego, e cando presenten un desfase no seu nivel de competencia curricular, adoptaranse as medidas de reforzo necesarias.

Ao alumnado con altas capacidades intelectuais, flexibilizarase a impartición de contidos e a adquisición dos obxectivos propios de cursos superiores, así como se lle poderán ampliar ou afondar nos contidos e obxectivos da materia do curso actual. Os plans de actuación, así como o enriquecemento curricular adecuados ás necesidades deste tipo de alumnado, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o do alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

- GRUPOS DE ADQUISICIÓN DAS LINGUAS (ALUMNADO ESTRANXEIRO): No caso de que exista alumnado estranxeiro, que non coñeza ningunha das linguas oficiais da nosa comunidade autónoma, podería parecer axeitado nun principio, que o mesmo na materia de Debuxo Técnico I, fose integrado no grupo de referencia, xa que tendo en conta a gran carga visual desta materia, podería facilitarlle a comprensión en xeral, con relación ao seguimento da clase xa a dificultade e maior, dada tamén a dificultade de comprensión que moitos dos conceptos que teñen que aprender teñen .

GRUPOS DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR (ALUMNADO ESTRANXEIRO): Esta medida organizativa non depende directamente do departamento de debuxo nin da materia de Debuxo Técnico I; pero o que si procurará facer este departamento, cando exista este tipo de grupo, é colaborar nas horas que teña dispoñibilidade horaria, coa participación directa na atención deste alumnado, ca organización do centro determine, para a planificación e organización específica deste grupo.

- OUTRAS MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- ESCOLARIZACIÓN DOMICILIARIA: Nos casos dos alumnos que por distintas cuestións xustificadas, como a necesidade dunha atención educativa hospitalaria ou domiciliaria, segundo o establecido no D.229/2011; e que aplicaranse por prescrición facultativa; debido a unha enfermidade ou lesión, que lle impida ao alumno asistir con regularidade ao centro por un período de tempo prolongado ou ben noutros supostos xustificadas nos que teñan unha asistencia a clase irregular; intentárase na medida do posible e sempre que a súa situación o permita, que realicen todo ou a maioría do traballo programado, inda que sexa dende a súa casa. Tratando de manter contacto o profesor co alumno, se existiran períodos longos de falta a clase: nos casos nos que exista outro profesor proposto pola consellería de educación, para acudir ao domicilio do alumno, a través deste e realizaranse reunións periódicas de

coordinación co mesmo, de cara a establecer as actividades e probas a facer polo alumno; cando non exista este profesor, esta comunicación e contacto, poderá realizarse ben mediante vídeo-conferencias dende a aula, co programa Cisco Webex Meetings, facilitado pola Consellería de Educación, nas mesmas horas que o seu grupo ten clase ou ben mediante a aula virtual do centro, coa finalidade de mandarlle vídeos explicativos, así como traballos ou probas; ou ben mediante outro alumno que viva cerca do mesmo, o ben dos seus pais ou da persoa que estes determinen, de cara a enviarlle, revisarlle e corríxirlle o traballo que faga na casa; si a súa situación o permitirá. Sempre que se poida, intentarase que os exames e probas correspondentes as faga no centro e se non, trataríase de poñerlle algunha proba, que puidera realizar ben a través da aula virtual, ou na casa, e na que demostrara que domina os contidos mínimos e acada os obxectivos da materia e as competencias clave contempladas na programación. Se a súa situación non lle permitirá a execución dos traballos mencionados durante o curso, sempre tería a posibilidade de facer unha proba final global na que igualmente puidera demostrar que domina os contidos mínimos e acada os obxectivos e as competencias clave e os obxectivos da etapa, contemplados na programación.

- **ESCOLARIZACIÓN COMBINADA:** Teremos neste caso moi presente as indicacións que para a súa escolarización se nos dean dende o centro especializado, relativas ás características, afectacións, estereotipias e dificultades, así como de cal sexa a mellor forma de tratalo e como orientar o seu proceso de ensino-aprendizaxe e a súa socialización. Tendo en conta esta escolarización e dependendo do horario do grupo no que se integre o alumno, é previsible que das horas da materia que o grupo teña na semana, e segundo as súas características e as necesidades educativas especiais que precise, poderá ser necesario un profesor de apoio na aula, para poder atender as necesidades destes alumnos, así como para que o resto do alumnado do grupo poda ser atendido, este suposto e practicamente inexistente no 1º de bacharelato.

6.2.2.- CURRICULARES:

- **ADAPTACIÓNS CURRICULARES NA MATERIA:** Consisten basicamente na adecuación dos obxectivos educativos, a modificación ou inclusión de determinados contidos ou saberes básicos esenciais e a consecuente adecuación dos criterios de avaliación e dos seus graos mínimo de consecución, para a adquisición dos obxectivos da materia, en situacións de aprendizaxe específicas e concretas.

- **Destinatarios:** Alumnado de Bacharelato nos que estas adaptacións lévanse a cabo para obter un currículo equilibrado e relevante aos alumnos con necesidades específicas. Dentro deste colectivo de alumnos, contémpase tanto a aqueles que presentan necesidades educativas especiais.

- **Finalidade:** Tenderán a que os alumnos alcancen os obxectivos da materia para a súa contribución a adquisición das competencias clave do perfil de saída do alumnado e dos obxectivos xerais da etapa educativa, de acordo coas súas posibilidades.

- **Condições:** As adaptacións estarán precedidas dunha avaliación das necesidades especiais do alumno e dunha proposta curricular específica e realizaranse procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias, a avaliación continua e a promoción tomará como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.

- **AGRUPAMENTO FLEXIBLE OU ESPECÍFICO AUTORIZADO NA MATERIA DE DEBUXO TÉCNICO:** Por non ser esta unha das materias que están incluídas para poder facerlles un agrupamento específico, non se contempla este tipo de agrupamento, na mesma.

- **ALUMNADO CON FLEXIBILIZACIÓN NA ESCOLARIZACIÓN:** Para o alumnado con necesidades educativas especiais, para os que se solicite esta medida, nos cursos do Bacharelato, será preciso manter unha estrita coordinación co departamento de orientación do centro.

- **DESCRIPCIÓN DO PROTOCOLO DE COORDINACIÓN CO PROFESORADO QUE COMPARTA CO TITULAR DA MATERIA OS APOIOS OU AS ACIS NO BACHARELATO:** Como anteriormente se indicou, normalmente esta coordinación nos casos que se precise, será co especialista de pedagogía terapéutica ou co profesor con dispoñibilidade horaria que para casos específicos de algún alumno, preste apoio dentro na aula de debuxo. O protocolo de coordinación, consistirá nunha reunión semanal ou quincenal, segundo as necesidades, para ver a marcha deste tipo de alumnado e coordinar o traballo que o mesmo ten que facer na aula de debuxo co seu grupo-clase, atendido polo profesor da materia de Debuxo Técnico I, ou ben polo profesor de apoio dentro da aula. Nestas reunións tamén se fixarán as probas teóricas e prácticas coas que se avaliará a este alumnado e que poñerá e corríxirá o profesor da materia, pero tendo en conta tamén a opinión do profesor de apoio na aula. Cando se precise algunha opinión ou consello do Orientador do centro tamén se lle solicitará que asista á citada reunión.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.						X
ET.4 - A competencia dixital.			X	X		X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.					X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.			X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.					X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.			X		X	X
ET.9 - A creatividade.			X	X		
ET.10 - A educación para a saúde , incluída a afectivo-sexual.		X			X	
ET.11 - A formación estética.			X	X	X	X
ET.12 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.			X	X	X	X
ET.13 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.			X	X	X	X

Observacións:

ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO CURRÍCULO: Forman parte dos procesos xerais de aprendizaxe do alumnado. Se promoverán prácticas que beneficien a construción e consolidación da madurez persoal e social do alumnado. Os centros incorporarán ao currículo transversalmente elementos como: a) Valores fomenten a igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero; prevención da violencia contra persoas con discapacidade, promovendo súa inserción social, e valores do principio de igualdade de trato, respecto e non discriminación por condición ou circunstancia persoal, social ou cultural, evitando comportamentos sexistas e estereotipos discriminatorios. b) Prevención e loita contra o acoso escolar incluídas as prácticas de ciberacoso. c) Prevención e resolución pacífica de conflitos en ámbitos da vida persoal, familiar e social, promoción de valores como a liberdade, a xustiza, a igualdade, a pluralidade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto dereitos humanos, o respecto igual a homes e mulleres, o respecto ás persoas discapacitadas, o respecto ao estado de dereito, a prevención do terrorismo e de todos tipos de violencia. d) Educación para consumo responsable, desenvolvemento sostible, protección ambiental e perigos do cambio climático. e) Desenvolvemento do espírito emprendedor; adquisición de competencias para a creación de modelos de empresas, fomento igualdade de oportunidades e respecto ao emprendedor e ao empresario, promoción da ética empresarial e responsabilidade social corporativa; fomento dereitos do traballador e respecto ao mesmo; actividades para o alumnado que permitan afianzar o emprendemento, a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a solidariedade, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. f) Fomento de actitudes de compromiso social, impulsando o desenvolvemento de asociacións escolares no centro e a participación do alumnado en asociacións xuvenís da súa contorna.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1. SAIDA DIDÁCTICA-CULTURAL AO MUNCYT MUSEO NACIONAL DE CIENCIA E TECNOLOXÍA DE A CORUÑA	Saída didáctica-cultural complementaria e extraescolar, se levará a cabo, andando na cidade de A Coruña, para visitar o MUNCYT (Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía), en colaboración con outros departamentos de ciencias, como pode ser o de Física e Química, ou o de Tecnoloxía, para acercar ao alumnado da materia de Debuxo Técnico a temas relacionados co mundo das ciencias e da tecnoloxía, dos que o Debuxo Técnico en moitas ocasión é a ferramenta para a representación e comunicación de ideas, deseños e proxectos neses ámbitos. Intentarase levar a cabo esta saída durante o primeiro ou segundo trimestre do curso.		X	
2. PARTICIPACIÓN EN DIVERSAS ACTIVIDADES-CONCURSO.	Incentivarase ao alumnado para participar nas diversas actividades-concurso, promovidas por entidades públicas ou por entidades e empresas privadas e relacionadas directa ou indirectamente coa materia impartida, facilitando ao alumnado interesado convocatorias, bases e inscricións; para así fomentar a atracción cara á materia e cara a todo o que esta conleven, sobre todo na que abarca os distintos campos do deseño, e en particular o deseño técnico industrial ou arquitectónico, e relacionar así mesmo os contidos e os obxectivos da materia, co mundo real e coas esixencias da vida cotiá.	X	X	X

Observacións:

A saída extraescolar citada e susceptible de variacións cronolóxicas, en función da dispoñibilidade do centro ou institución a visitar e terá unha duración máxima dunha mañá lectiva. A veces poderá facerse en colaboración con outros departamentos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1.- Se motiva ao alumnado, comunicándolles os obxectivos específicos que se queren conseguir e a finalidade das actividades e situacións de aprendizaxe propostas, para a consecución dos obxectivos específicos, partindo dos seus coñecementos previos e relacionando os saberes básicos precisos coas situacións de aprendizaxe reais, informándolles da utilidade e creando expectativas.
2.- Se consulta e modifica se é necesario a programación ao longo do curso.
3.- Ao programar, se teñen en conta as opcións do contexto e se establecen situacións de aprendizaxe concretas e reais.

4.- Se dan a coñecer ao alumnado os elementos da programación: obxectivos e competencias clave da etapa, obxectivos específicos, metodoloxía, criterios de avaliación, saberes básicos e situacións de aprendizaxe.
5.- As actividades teñen obxectivos claros e se relacionan cos obxectivos específicos mediante os criterios de avaliación da materia, así como cos problemas e cuestións do contorno e da vida cotiá.
6.- Se realizan diversas actividades que impulsan o desenvolvemento dos distintos obxectivos da materia en problemas ou situacións de aprendizaxe concretas e reais.
7.- Unha vez terminada a unidade didáctica ou proxecto, se avalía a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe.
Metodoloxía empregada
8.- Cando se comeza unha unidade didáctica nova, aos alumnos/as se lles explican os obxectivos específicos que se queren desenvolver, as diferentes actividades e situacións de aprendizaxe a realizar, e que criterios de avaliación se lles aplicarán.
9.- Se deseñan distintas actividades e situacións de aprendizaxe, para o logro dos obxectivos da materia e das competencias clave e obxectivos da etapa.
10.- Se empregan metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva, persoal e crítica do alumnado e que teñan en conta os seus intereses.
11.- Se utiliza instrumentos diversos e claros para avaliar os criterios de avaliación e os obxectivos específicos da materia.
12.- Se propoñen actividades e situacións de aprendizaxe que contribúen á aprendizaxe autónoma (busca de información complementaria, traballos, investigacións, proxectos ...).
13.- Ao inicio da unidade didáctica ou do proxecto, os alumnos coñecen os obxectivos didácticos, as actividades que farán e en que situacións de aprendizaxe e como se van desenvolver os instrumentos e os criterios de avaliación.
14.- Se utilizan diferentes tipos de probas (autoavaliación, exames escritos, exames orais, traballo individual, traballo en equipo, proxectos).
15. Para avaliar ao alumnado, se valora máis aspectos ca nota final.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
16.- Se organiza o grupo clase en subgrupos para traballar en equipo.
17.- Se empregan recursos e materiais variados para a aprendizaxe da materia.
18.- As actividades e accións que se propoñen son: diversas, flexibles, inclusivas, fan pensar e fan reflexionar.
19.- Na metodoloxía que se aplica se utilizan recursos diferentes aos do libro, como por exemplo as Tics.
Medidas de atención á diversidade
20.- Se propoñen metodoloxías diversas, inclusivas e flexibles que permitan éxitos a distintos niveis.
21.- En función das características de cada alumno/a, se expoñen tarefas e logros diferentes, ou se utilizan situacións de aprendizaxe diversas e flexibles, que permitan éxitos a distintos niveis.
22.- Se pide ao alumnado diferentes producións en función das súas características, ou se utilizan situacións de aprendizaxe diversas e flexibles, que permitan éxitos a distintos niveis.
23.- Se dan explicacións individuais cando é necesario.
24.- Tanto nos exames como no traballo de aula trabállanse actividades máis fáciles e máis difíciles.
25.- Se ten en conta ao alumnado que se afastan da media dos resultados, tanto por riba como por baixo.

Clima de traballo na aula
26.- O alumnado é protagonista na clase.
27.- Se organiza ben o tempo en clase, por parte do profesor.
28.- Como se pasan as horas lectivas (de media): - Adícase pouco tempo a manter a orde na aula. - Impartindo a teoría e explicacións. - Respondendo a preguntas e fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, ... - Valorando ao alumnado de xeito individual ou colectivo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
29.- Se dan pautas de actuación ás familias para que fagan un seguimento dos seus fillos/as na casa.
30.- O profesorado que intervén no mesmo nivel ou curso ten un reparto coherente dos contidos e das actividades para a adquisición dos obxectivos específicos da materia.

Descrición:

Dentro da avaliación do proceso do ensino e da práctica docente na materia de Debuxo Técnico I do curso de 1º de Bacharelato, os indicadores de logro citados serán avaliados cunha escala de catro apartados, correspondendo o 1 a nunca e o 4 a sempre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Coa finalidade de mellorar os resultados académicos do alumnado, realizarase periodicamente unha revisión da programación didáctica, así como da súa temporalización e dos resultados obtidos polo alumnado, co obxecto de introducir as modificacións necesarias na mesma, para corrixir aqueles desaxustes, formulacións, métodos e procedementos, que nos permitan mellorar os citados resultados académicos do alumnado, na materia de Debuxo Técnico I do curso de 1º de Bacharelato.

8.2.1. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA:

PERIODICIDADE COA QUE SE REVISARÁ: Sempre que polas circunstancias que sexan, se considere necesario e como mínimo unha vez ao ano, durante o período que vai dende o final dun curso ao comezo do seguinte.

CONTIDOS QUE SEXA PRECISO ENGADIR OU ELIMINAR CON RESPECTO Á PROGRAMACIÓN PREVISTA: No período antes mencionado, analizaranse os elementos que precisaban unha modificación con respecto ao programado o ano anterior, introducíndose tamén na programación do próximo curso.

MEDIDAS QUE SE ADOPTARÁN COMO RESULTADO DA REVISIÓN: Neste apartado haberá que recoller as medidas que se introducirán na programación para o seguinte curso escolar, como consecuencia da revisión feita, e xa recollidos nesta programación, os relativos aos da revisión feita na programación do curso pasado.

8.2.2. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Así a fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso, que permita a citada revisión, modificación e mellora, avaliarase tamén a programación didáctica, tendo en conta os seguintes indicadores de logro da mesma, todos eles avaliados cunha escala de catro apartados, correspondendo o 1 a nunca e o 4 a sempre. Os aspectos e os indicadores de logro aos que se atenderá, na materia de Debuxo Técnico I de 1º de bacharelato son:

1. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas no curso de 1º de Bacharelato.
2. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
3. Adecuación da secuenciación, dos criterios de avaliación e dos saberes básicos mobilizados, para a adquisición dos obxectivos específicos das unidades didácticas do 1º de Bacharelato.
4. Os mínimos para acadar unha avaliación positiva son realistas.
5. Vinculación dos criterios de avaliación, a un instrumento de avaliación e a problemas ou situacións de aprendizaxe para o desenvolvemento dos obxectivos específicos.
6. Asociación dos elementos transversais a desenvolver coas distintas unidades didácticas a impartir.
7. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
8. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
9. Adecuación dos recursos e materiais didácticos utilizados.
10. Adecuación do libro de texto en papel e do libro dixital.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
12. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos, para alumnado que queira cursar

Debuxo Técnico II de 2º de Bacharelato, sen ter cursado o Debuxo Técnico I de 1º de Bacharelato.

13. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación: autoavaliación, probas, traballos, láminas, proxectos de materia e proxectos multidisciplinares, etc.
14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha avaliación.
15. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
16. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
17. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.
19. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, afondamento, etc.
20. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
21. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
22. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, e os instrumentos utilizados.
23. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
24. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
25. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
26. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.
27. Os resultados académicos foron os esperados.

9. Outros apartados

1. APORTACIÓNS AO PROXECTO LINGÜÍSTICO, DENDE O DEPARTAMENTO DE DEBUXO.

As directrices desta programación, para o traballo no ámbito exposto, concordarán e se coordinarán co "Proxecto Lingüístico" do centro. O Departamento de Debuxo do centro, na materia que imparte, Debuxo Técnico I de 1º de Bacharelato, o fará en Lingua Castelá, e tratará de fomentar a utilización desta lingua en concordancia co Proxecto Lingüístico do centro, tanto na fala cotiá, como no manexo dos libros de texto, dos libros de consulta e na realización das prácticas, así como no resto de material que se utilice. Non obstante, intentarase que o alumnado na medida do posible, entenda e aprenda a terminoloxía propia da materia tamén na lingua galega.

2. APORTACIÓNS AO PROXECTO LECTOR, DENDE O DEPARTAMENTO DE DEBUXO.

As directrices dadas, concordarán e se coordinarán co Proxecto Lector. Se fomentará este coa lectura comprensiva, nos aspectos: - Leerán as unidades e anotarán dúbidas e logo na clase, volven a ler en alto, por quendas, durante as explicacións. - Farán lecturas comprensivas, de textos e imaxes, utilizando linguaxe plástica, visual, audiovisual. Nas lecturas haberá: imaxe, texto e cuestionario para reflexión e relación de contidos. O libro ten: páxinas web, animacións, vídeos, entroncando co plan das TIC, na búsqueda de información. - Consultarán libros técnicos, para reforzo e ampliación, na biblioteca e artigos de internet. - Traballos e lecturas interdisciplinares con outras materias. - Lecturas optativas de libros sobre a materia.

3. APORTACIÓNS AO PLAN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN, DENDE O DEPARTAMENTO DE DEBUXO.

As directrices dadas, concordarán e se coordinarán co Plan das TICs. Se fomentará estas, na aula e na casa, con propostas a realizar e utilizando as TICs como recurso metodolóxico, pedagóxico e ferramenta de ensino-aprendizaxe en actividades individuais e grupais, que estimulen: imaxinación, creatividade, manexo medios audiovisuais, reforzando aprendizaxes. O traballo terá dobre vertente: - Traballos fomenten habilidades: buscar, obter, procesar, comunicar información, e transformala en coñecemento. Proposición exercicios: xeométricos, compositivos, plásticos, visuais, audiovisuais, etc. Incorporar habilidades: acceso á información e transmisión e tratamento. - Traballos con programas informáticos: creación artística, deseño gráfico e publicidade, debuxo técnico, creación multimedia e audiovisual.

4. APORTACIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA, DENDE O DEPARTAMENTO DE DEBUXO.

As directrices dadas, concordarán e coordinarán co Plan de Convivencia. fomentándose o mesmo: educando en valores, propiciando convivencia positiva e capacidade participación responsable no centro e contorna, favorecendo estudo e logro obxectivos académicos e convivencia positiva. Convivencia nos contidos e nas metodoloxías cooperativas e actividades extraescolares, fomenten: prevención conflitos-resolución pacífica, igualdade homes-mulleres, prevención violencia xénero ou contra discapacidade, loita antiterrorista, xenofobia, racismo, loita contra discriminacións. Alumnos pouco motivados estudos, dan conductas negativas, anticiparase a conflitos, e mellora clima convivencia. Cumprimento normas funcionamento e convivencia centro. Colaborarase vixilancia, seguimento, implementación programa acoso escolar.